



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANUNCIO

Admisión definitiva aspirantes proceso de selección (PEL CONCELLOS 2026)

Por Resolución desta Alcaldía nº 193/2026 de data 9 de xuño de 2026 aprobose a Listaxe definitiva de aspirantes admitidos para tomar parte no proceso de selección *para a contratación laboral temporal dun Peón e un Albel ao abeiro do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña (PEL CONCELLOS 2026)*

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 9 de xuño de 2026. O ALCALDE en funcións: Alberto Cortizas Rejo

RESOLUCIÓN

**ASUNTO: ADMISIÓN DEFINITIVA CANDIDATOS E NOMEAMENTO TRIBUNAL PEL
EXPEDIENTE: 2026/G003/000199**

ANTECEDENTES:

Logo de ver a convocatoria e as bases reguladoras para a contratación laboral temporal dun Peón e un Albel ao abeiro do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña (PEL CONCELLOS) 2026, aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello en datas 05/05/2026 e 20/05/2026 e publicadas no BOP nº 86, do 11 de maio, e no nº 96 de 25 de maio de 2026.

Tendo en conta a Resolución desta Alcaldía nº 177/2026, de data 1 de xuño de 2026, pola que se aprobou a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso de selección para a contratación laboral temporal dun oficial Albel e dun Peón ao abeiro do plan de integración laboral da Deputación Provincial da Coruña (PEL CONCELLOS 2026).

Rematado o prazo de presentación de reclamacións, alegacións, emendas de deficiencias ou erros para tomar parte no citado proceso de selección e vista a renuncia á súa solicitude de participación no proceso de selección, presentada por un dos candidatos admitidos para posto de Peón

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia, presentada por JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, á súa solicitude de participación no proceso de selección como aspirante para o posto de PEÓN.

SEGUNDO.- Admitir a solicitude presentada para o posto de Peón correspondente ao candidato CONSTANTIN POPA, que conforma a lista definitiva de aspirantes para o citado posto.

TERCEIRO.- Admitir a única solicitude presentada para o posto de Albel correspondente ao candidato JOSÉ MANUEL CORTIZAS DIAZ, que conforma a lista definitiva de aspirantes para o citado posto.

CUARTO.- Tendo en conta que existe un único candidato para cada posto, non é necesario realizar a valoración dos méritos nin a proba escrita (de carácter voluntario e non eliminatorio) que se indica na base

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

décimo primeira da convocatoria, pero dado que o candidato para o posto de Peón non achega certificado ou título acreditativo de coñecemento da lingua galega CELGA 1 ou equivalente, é preciso realizar a proba oral de coñecemento da lingua galega, segundo consta na base décimo primeira da convocatoria (BOP nº 86 do 11/05/2026)

QUINTO.- Designar como membros do Tribunal segundo as bases da convocatoria ás seguintes persoas:

Presidente Titular: D^a Ruth Álvarez Grande
Suplente: D^a Rosa Novoa Paseiro

Vogais: Titulares 1.- D.^a Olga Anca Varela.
 2.- D.^a María Sanmartín Varela
 3.- D.^a María Vanessa Bouza Martínez
Suplente: D. José Amando Pena Vila.

Secretario Titular: D. Baldomero Beceiro Alonso.
Suplente: D. José Amando Pena Vila

SEXTO.- Convocar aos membros do Tribunal e ao candidato CONSTANTIN POPA, para a realización da proba oral de coñecemento da lingua galega, ás 10:30 horas do día 12/06/2026, venres, na Casa Consistorial.

Unha vez realizada a valoración, publicaranse o resultado deseguido no Taboleiro de Anuncios Municipal

SÉTIMO.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Monfero, aloxado na sede electrónica (<https://sede.monfero.es>), e notificala aos membros titulares do Tribunal, que terán o expediente á súa disposición na Secretaría do Concello.

Monfero, 9 de xuño de 2026. O ALCALDE en funcións: Alberto Cortizas Rejo